Programación de violoncello

Cmus Profesional de Carballo

Curso 2026-2027

Índice

1.	Introdución	5
2.	Metodoloxía	6
3.	Atención á diversidade	9
4.	Temas transversais	10
4.1	Educación en valores	11
4.2	Tratamento das tecnoloxías da información e comunicación	11
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	12
6.	Secuenciación do curso	13
6.1	1º GRAO ELEMENTAL	13
6.1.1	Obxectivos	13
6.1.2	Contidos	14
6.1.3	Avaliación	14
6.1.4	Medidas de recuperación	18
6.1.5	Recursos didácticos	20
6.2	2º GRAO ELEMENTAL	20
6.2.1	Obxectivos	20
6.2.2	Contidos	21
6.2.3	Avaliación	21
6.2.4	Medidas de recuperación	25
6.2.5	Recursos didácticos	27
6.3	3º GRAO ELEMENTAL	29
6.3.1	Obxectivos	29
6.3.2	Contidos	29
6.3.3	Avaliación	30
6.3.4	Medidas de recuperación	33
6.3.5	Recursos didácticos	35
6.4	4º GRAO ELEMENTAL	37

6.4.1 Obxectivos 37
6.4.2 Contidos 37
6.4.3 Avaliación 37
6.4.4 Medidas de recuperación 41
6.4.5 Recursos didácticos 43
6.5 1º GRAO PROFESIONAL 45
6.5.1 Obxectivos 45
6.5.2 Contidos 45
6.5.3 Avaliación 46
6.5.4 Medidas de recuperación 50
6.5.5 Recursos didácticos 52
6.6 2º GRAO PROFESIONAL 54
6.6.1 Obxectivos 54
6.6.2 Contidos 54
6.6.3 Avaliación 55
6.6.4 Medidas de recuperación 59
6.6.6 Recursos didácticos 61
6.7 3º GRAO PROFESIONAL 64
6.7.1 Obxectivos 64
6.7.2 Contidos 64
6.7.3 Avaliación 65
6.7.4 Medidas de recuperación 69
6.7.5 Recursos didácticos 71
6.8 4º GRAO PROFESIONAL 73
6.8.1 Obxectivos 73
6.8.2 Contidos 73
6.8.3 Avaliación 74
6.8.4 Medidas de recuperación 78
6.8.5 Recursos didácticos 80
6.9 5º GRAO PROFESIONAL 82
6.9.1 Obxectivos 82
6.9.2 Contidos 82

6.9.3 Avaliación 83
6.9.4 Medidas de recuperación 87
6.9.5 Recursos didácticos 89
6.10 6º GRAO PROFESIONAL 91
6.10.1 Obxectivos 91
6.10.2 Contidos 91
6.10.3 Avaliación 92
6.10.5 Medidas de recuperación 96
6.10.6 Recursos didácticos 99
7. Avaliación/ seguimento da programación didáctica 101
8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento 101
9. ANEXOS 103
9.1 Probas de acceso 1º de grao profesional 103
9.2 Probas de acceso a outros cursos 104
9.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao 115
9.4 Anexo coa adaptación as instrucións do 31 de xullo de 2020, da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial.

1. Introdución

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

O artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen ditadas para a nosa comunidade autónoma no posterior Decreto 198/2007 do 27 de setembro de 2007, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Ase mesmo, a lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas. Os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música fíxanse no Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro e se definen no marco da nosa comunidade no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros de traballo de aula no Conservatorio Profesional de Música de Carballo.

O grao profesional ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

2. Metodoloxía

Como recurso fundamental para o desenvolvemento do ensino do violoncello, se ten en conta, o ensino individualizado da materia, atendendo mellor ás necesidades do alumnado, que debe ser protagonista do proxecto educativo..

Os procedementos educativos baséanse na teoría construtivista da ensinanza-aprendizaxe,utilizando todos os elementos para un estudio racional, baseado na construción de conceptos e a realización práctica dos mesmos, a aplicación dos coñecementos e a interiorización destes dun modo construtivista, a favor sempre do desenvolvemento da autonomía persoal, que poda garantir o éxito futuro do alumno.

As estratexias metodolóxicas son un conxunto de ferramentas coas que desenvolvemos as accións pedagóxicas e de coordinación do ensino aprendizaxe na clase. Son as claves que dan lugar á metodoloxía propia e persoal, que no son definitivas e son flexibles,tendo en conta cada caso particular, as estratexias están en continua relación cos propios principios pedagóxicos e forman parte dun proxecto educativo personalizado e baseado na propia experiencia.

Dentro das consideracións metodolóxicas para o traballo do instrumento musical na etapa de grao elemental o máis apropiado e o tipo de aprendizaxe por descubrimento, producido por mecanismos de ensaio-erro, coa mediación do mestre na clase, estes procedementos deben ser fundamentais neste nivel, sobre todo para alumnos con problemas de autoconfianza o medo ao fracaso. Por medio do erro, sempre consciente, o alumno pode progresivamente,

acercarse á resolución de problemas por si mesmo. Sen embargo non debemos esquecer que é unha estratexia de ensino, que debe ir integrada ao tipo de aprendizaxe receptivo, polo cal o alumno recibe a información, organizada por parte do profesor.

Os pasos máis firmes no aprendizaxe van do coñecido ao descoñecido, e de dificultade gradual de menos a máis, dentro do nivel e este proceso de planificado de ensinanza debe estar presidido pola necesidade de garantir a funcionalidade dos aprendizaxes, asegurando que podan ser utilizadas nas circunstancias reais en que o alumno os necesite.

Dentro das estratexias coas que imos construír o desenvolver, dentro da experiencia na clase, as capacidades do alumno para a súa formación e o desenvolvemento da memoria nos seus diferentes tipos: memoria mental, memoria muscular e memoria auditiva.

Memoria mental, axúdanos a lembrar, aprender, concentrarnos retendo información. Memoria muscular, pola que construímos parte da técnica e o alumno aprende pasaxes das obras ou estudos. Este tipo de memoria obtense por medio da experiencia sensitiva e non só da conceptual. É moi importante que o alumno coñeza os procedementos mecánicos polos cales funciona a técnica de maneira consciente, e a repetición do movemento ou sensación correcta é importante para a fixación da mesma, evitando a repetición de movementos incorrectos. Memoria visual, podemos utilizar de dúas formas diferentes; unha para memorizar a partitura, axudando a aprender de memoria para un traballo máis profundo de outros aspectos musicais (interpretación, sensacións, sensibilidade, etc.).O outro uso que se lle da á memoria visual ten que ver coa fixación das referencias, cambios de posición ou desprazamentos da man esquerda, fixación das zonas do arco, o mecanismo técnico ben feito, unha actitude tocando ou unha imaxe estética. Memoria auditiva. É, por suposto, unhas das máis importantes para o desenvolvemento musical. O seu uso ten tamén varias vertentes estratéxicas: primeiro é unha ferramenta para o aprendizaxe do oído interno, que á vez é na base da afinación interna e referencia para a diferenciación interválica dos sons. A busca dun son de calidade é desenrolo dun oído polifónico, na que divídese a audición interna do propio son co respecto outros sons, é unha educación da escoita atenta.

As técnicas de estudo. O profesor nas clases individuais contemplará as estratexias máis oportunas para conseguir no alumno mellores resultados e o entendemento dos problemas ou dificultades surxidas. Algunhas destas técnicas de estudo van axudar á comprensión de cuestións técnicas e expresivas no aprendizaxe dunha pasaxe ou unha obra, e na aplicación destes coñecementos ás demais obras que o alumno te que afrontar no futuro. O uso destes recursos na clase te unha funcionalidade, que o alumno valorará do por que do seu uso e para que dentro destas técnicas de estudo pode empregarse como exemplo; o que denominase estudo a cámara lenta para a concienciación dos actos técnicos e musicais e buscar a perfección no tempo lento para logo levalo progresivamente a máis rápido, neste tipo de estudo os diferentes tipos de memoria xogan un gran papel.

O estudo con parada calculada, para as pasaxes de dificultade e de afinación, aquí é moi importante a destreza das memorias muscular e auditiva.

O estudo por descomposición de pasaxes, é unha técnica de simplificación da escritura, por motivos de dificultade técnica o complexidade rítmica ou de escritura musical. Desmontase por fragmentos como un puzzle e cando vencese a dificultade de cada uns dos fragmentos, únense na súa totalidade para verllo no sentido máis amplo do texto. Aplícanse fórmulas rítmicas, así como diferentes velocidades e progresivas (co uso do metrónomo), ata alcanzar a sincronización de movementos á velocidade esixida

A participación activa neste proceso,así como a colaboración nas audicións das clases colectivas, individuais e audicións técnicas do departamento axudan ao alumno á preparación e actuación en público.

3. Atención á diversidade

O alumnado do Conservatorio habitualmente está dentro dun nivel sociocultural e económico medio-alto, cunha gran capacidade de traballo pois ten que compaxinar os estudos de música cos de ensinanzas xerais. As motivacións para estudar no Conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser: por

iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretemento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnado diferente

en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz.

A vía para o tratamento da diversidade é a Adaptación Curricular, conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado. Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, o profesor poderá plantear as seguintes estratexias:

1) Adaptacións do material didáctico, que ofrezan unha ampla gama de actividades didácticas que respondan ós diferentes graos de aprendizaxe.

2) Variacións da metodoloxía, para adaptala ás necesidades de cada alumno.

3) Propoñer actividades de traballo diferenciadas. O profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.

4) Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.

5) Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos adaptándose ao alumno individualmente.

A adaptación dos obxectivos e por tanto dos contidos terá que respectar os mínimos esixibles fixados na programación.

4. Temas transversais

4.1 Educación en valores

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas a un desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais.

Estes contidos que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe espertar no alumnado unha especial sensibilidade cara a dita realidade.

O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas ao aula especialmente na práctica de conxunto. Temas como a igualdade de oportunidades entre sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso co medio ambiente ou educación para paz poderán ser incorporados tanto na clase individual como na de conxunto.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día mais patente, a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cínguese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias que a priori poden parecer pouco dadas ao uso das TIC's pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O uso de materiais audiovisuais relacionados ca materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas unidas á compartición masiva de material audiovisual facilita o seu uso no aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical. Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (videocámaras, gravadoras, tablets, teléfonos, etc) permite analizar no aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso no aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox o GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor.

Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc.

O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados no aula debe respectar en todo momento as leis distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Considérase a realización de determinadas actividades ao longo do curso, de grande utilidade para ampliar a formación do alumno e implicalo na vida cultural do centro e do seu ámbito.

Actividades de carácter académico, dentro do centro:

- Ensaios co pianista acompañante (polo menos durante un trimestre).
- Participación en audicións.
- Cursos específicos.

Outras actividades, dentro ou fóra do centro:

- Asistencia a concertos e audicións doutros instrumentos.
- Asistencia a concertos de profesores.
- Asistencia a concertos na cidade.
- Asistencia a eventos culturais de diferente índole.
- Participación en Concursos.

- Audicións, proxeccións...
- Concertos didácticos en colaboración con centros de ensino Primaria.

6. Secuenciación do curso

6.1 1º GRAO ELEMENTAL

6.1.1 Obxectivos

- Aprender a sentar correctamente, cunha disposición axeitada para a práctica instrumental.
- Aprender a suxeitar o arco correctamente; iniciar a práctica do legato e detaché distribuíndo correctamente o arco e coa dirección axeitada para a consecución dun bo son.
- Aprender a primeira posición do violoncello.
- Aprender a ler a clave de fa en cuarta, así como a súa correspondencia coas notas da primeira posición do violoncello.
- Adquirir o hábito de estudar con regularidade.
- Manter o instrumento e o material en boas condicións.
- Interpretar en público, solo, en conxunto ou con acompañamento de piano, algunhas das pezas traballadas en clase.

6.1.2 Contidos

- Disposición corporal.
- O arco: a súa suxeción, condución e distribución.
- Colocación da man esquerda. A primeira posición. Lectura no pentagrama.
- O violoncello, o arco e as súas partes e accesorios. Mantemento básico.

6.1.3 Avaliación

A Orde do 8 de febreiro de 2008 regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música.

A avaliación dos alumnos e das alumnas será continua e integradora, aínda que diferenciada, segundo as distintas materias do currículo. Razóns polas que se require a súa asistencia regular ás clases e ás actividades programadas para as distintas materias do currículo. O alumnado ten dereito a ser avaliado conforme criterios de plena obxectividade, así como a coñecer os resultados das súas aprendizaxes, para que a información que se obteña, a través dos procedementos informais e formais de avaliación, teña valor informativo e o comprometa na mellora da súa educación. Nesta liña, os centros docentes farán públicos os criterios de avaliación comúns e os propios de cada materia que se aplicarán para a avaliación das aprendizaxes, a promoción do alumnado e a obtención da titulación, e o alumnado poderá solicitarlle ao profesorado responsable das distintas materias aclaracións acerca das avaliacións que se realicen para a mellora do seu proceso de aprendizaxe.

Así mesmo, o alumnado ten dereito a coñecer os procedementos formais da avaliación, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección.

Ao comezo do curso o profesor realizará unha avaliación inicial có fin de detectar o nivel dos alumnos en función das súas capacidades, actitudes e coñecementos. A información obtida nos permitirá adaptar os novos contidos, o repertorio, e as actividades á realidade do noso alumnado, asegurando unha asimilación adecuada.

O profesor avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como a súa asistencia e actitude. Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso

realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

Criterios de avaliación

CE1. Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.

CE2. Memorizar e interpretar textos musicais empregando a melodía, afinación, articulación e fraseo axeitados ao seu contido.

CE3. Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.

CE4. Describir con posterioridade a unha audición os trazos característicos das obras escoitadas.

CE5. Mostrar nos estudios e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.

CE6. Interpretar en público como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento con seguridade e control da situación.

CE7. Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar o mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos.

CE8. Correspondencia entre as capacidades adquiridas polo alumno e os obxectivos establecidos na programación.

CE9. Interese e esforzo mostrados polo alumno.

Mínimos esixibles

1º Trimestre

Escala de Do maior 1 oitava

1 Peza corta de Sassmanhaus o similar 2ºTrimestre

Escala de sol maior 1 oitava

1 Peza corta de “Violoncello Music for Beginers” EMB ou similar 3º Trimestre

Demostrar coñecemento de tódalas notas da primeira posición do violoncello.

Escala re maior 1 oitava

Ariette Lully (Methode Jeune Violoncelliste, L.R. Feuillard) o similar

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Avaliación contínua ao longo do curso.
- Avaliación puntual nas audicións.
- Realizaranse controis para reforzar o proceso avaliativo.
- Proba de aula na terceira avaliación.

Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Traballo semanal: 50%	Audición: 20%	Proba de aula: 30%

No caso de que o alumno, só por motivos debidamente xustificados, non puidera realizar algún dos apartados anteriores dito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superado polo menos o 90% dos contidos do apartado mínimos

esixibles na última clase antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar quen poderá conceder a dita ampliación.

6.1.4 Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades programadas na seguinte avaliación. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

Procedementos de recuperación ordinarios

Os alumnos que non puideron ser avaliados de forma continua, terán que facer nas últimas semanas do curso un exame no que terán que interpretar:

a) Tres pezas dalgún destes métodos de violoncello:

S.APLEBAUM: "String Builder (I)" (Belwin Mills)

E.SASSMANNSHAUS: "Früher Anfang auf dem CelkrBand 1" (Barenreiter)

L.R.FEUILLARD: "Méthode pour le Jeune Violoncelliste" (Delrieu)

CELLO TEAM STRINGS, vol. 1.

SUZUKI Vol. 1 e 2

b) Unha peza con piano dalgún destes libros:

A.PEJTSIK: "Violoncello music for beginers" (Editio Musica Budapest)
B.MARTINU: "Suite Miniature"

CELLO TEAM STRINGS, vol 1.

- En caso de propoñer un programa diferente ao aquí exposto, o alumno deberá solicitar por escrito o visto bo do profesor de violoncello do centro con anterioridade ao día do exame.

- O alumno interpretará polo menos unha obra de memoria.

- Todas as obras que requiran acompañamento de piano serán interpretadas co devandito instrumento.

- As partituras a interpretar polo alumno deben ser orixinais (non fotocopias).

- O alumno interpretará tamén a primeira vista un fragmento de dezaseis compases proposto polo profesor.

- Aplicaranse os criterios de avaliación correspondentes ó 1º de grao elemental ó repertorio interpretado polo alumno.

- Na cualificación ponderaranse os aspectos técnicos nun 60% e os aspectos interpretativos nun 40%

Probas extraordinarias de xuño

Os alumnos que non obtiveron cualificación positiva na avaliación final poderán presentarse á proba extraordinaria que consistirá nunha proba igual á do apartado “Procedementos de recuperación ordinarios”.

6.1.5 Recursos didácticos

a) Métodos e estudios:

S.APLEBAUM: "String Builder (I)" (Belwin Mills)

E.SASSMANNSHAUS: "Früher Anfang auf dem Cello-Band 1" (Barenreiter)

L.R.FEUILLARD: "Méthode pour le Jeune Violoncelliste" (Delrieu)

CELLO TEAM STRINGS, vol 1.

B) Pezas con piano

A.PEJTSIK: "Violoncello music for beginers" (Editio Musica Budapest)
B.MARTINU: "Suite Miniature"

6.2 2º GRAO ELEMENTAL

6.2.1 Obxectivos

- Consolidar os principios posturales aprendidos en primeiro.
- Avanzar no desenvolvemento do detaché e o legato, incluíndo ligaduras cada vez máis longas.
- Dominar os distintos planos do arco nos cambios de cordas.
- Iniciarse no estudio do martelé.
- Aprender a realizar extensións.
- Aprender a media posición no violoncello. Iniciarse no estudio das demais posicións, así como na realización dos cambios de posición.
- Iniciarse nos conceptos elementais de expresión musical, en canto a respiración, fraseo, tempo e dinámicas.
- Interpretar en público, solo, en conxunto ou con acompañamento de piano, algunhas das pezas traballadas en clase.

6.2.2 Contidos

- Disposición corporal.
- O arco: a súa suxeición, condución e distribución.
- Cambios de corda.
- Colocación da man esquerda. Extensións. A media posición.
- Lectura no pentagrama.
- Aspectos básicos interpretativos: respiración, fraseo, tempo, dinámicas.

- O son en relación co contexto musical.

6.2.3 Avaliación

A Orde do 8 de febreiro de 2008 regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música.

A avaliación dos alumnos e das alumnas será continua e integradora, aínda que diferenciada, segundo as distintas materias do currículo. Razóns polas que se require a súa asistencia regular ás clases e ás actividades programadas para as distintas materias do currículo.

O alumnado ten dereito a ser avaliado conforme criterios de plena obxectividade, así como a coñecer os resultados das súas aprendizaxes, para que a información que se obteña, a través dos procedementos informais e formais de avaliación, teña valor informativo e o comprometa na mellora da súa educación. Nesta liña, os centros docentes farán públicos os criterios de avaliación comúns e os propios de cada materia que se aplicarán para a avaliación das aprendizaxes, a promoción do alumnado e a obtención da titulación, e o alumnado poderá solicitarlle ao profesorado responsable das distintas materias aclaracións acerca das avaliacións que se realicen para a mellora do seu proceso de aprendizaxe.

Así mesmo, o alumnado ten dereito a coñecer os procedementos formais da avaliación, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección.

Ao comezo do curso o profesor realizará unha avaliación inicial có fin de detectar o nivel dos alumnos en función das súas capacidades, actitudes e coñecementos. A información obtida nos permitirá adaptar os novos contidos, o repertorio, e as actividades á realidade do noso alumnado, asegurando unha asimilación adecuada.

O profesor avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor

valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como a súa asistencia e actitude.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

Criterios de avaliación

CE1. Ler textos á primeira vista con fluidez e comprensión.

CE2. Memorizar e interpretar textos musicais empregando a melodía, afinación, articulación e fraseo axeitados ao seu contido.

CE3. Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.

CE4. Describir con posterioridade a unha audición os trazos característicos das obras escoitadas.

CE5. Mostrar nos estudios e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.

CE6. Interpretar en público como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento con seguridade e control da situación.

CE7. Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar o mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos.

CE8. Correspondencia entre as capacidades adquiridas polo alumno e os obxectivos establecidos na programación.

CE9. Interese e esforzo mostrados polo alumno.

Mínimos esixibles

1ºTrimestre

Escala do maior 2 oitavas

1 Peza Corta de “Violoncello Music for Beginners”, EMB ou similar.

2ºTrimestre

Escala Si bemol maior, 1 oitava

Lección 6 Método Práctico S. Lee ou similar.

3er Trimestre

Demostrar dominio das extensións e coñecemento da media posición

Demostrar dominio do detaché, legato ata 4 notas por arco e mínima variedade de articulación (martelato)

Escala re maior 2 oitavas

Concertino nº 5 en Re M de J. B. BREVAL ou similar con extensións

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Avaliación continua ao longo do curso.
- Avaliación puntual nas audicións.
- Realizaranse controis para reforzar o proceso avaliativo.
- Proba de aula na terceira avaliación na que o alumno terá que interpretar o Concertino nº 5 en Re M de J. B. BREVAL

Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Traballo semanal: 50%	Audición: 20%	Proba de aula: 30%

No caso de que o alumno, só por motivos debidamente xustificados, non puidera realizar algún dos apartados anteriores dito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superado polo menos o 90% dos contidos do apartado mínimos esixibles na última clase antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar quen poderá conceder a dita ampliación.

6.2.4 Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades programadas na seguinte avaliación. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para os alumnos que teñan a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxectivos e contidos que aínda precisen ser superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo, modificación das probas do curso ou probas complementarias.

Procedementos de recuperación ordinarios

Os alumnos que non puideron ser avaliados de forma continua terán que facer nas últimas semanas do curso un exame no que terá que interpretar:

a) Unha peza ou estudio que inclúa a primeira posición e as súas extensións dalgún distos libros:

– L.R.FEUILLARD: "Méthode pour le Jeune Violoncelliste" (Delrieu)

– S.LEE: Método Práctico para violoncello

– D.POPPER: 15 Estudios Doados Op. 76

– CELLO TEAM STRINGS, Vol. 2.

b) Unha peza con piano de entre:

– L.R.FEUILLARD: "Le Jeune Violoncelliste 1 A, 1B

– A.PEJTSIK: "Violoncello music for beginers" 1,2 (Editio Musica Budapest)

– J.B.BREVAL: 4° Concertino en do maior.

– J.B.BREVAL: 5° Concertino en re maior.

– En caso de querer presentar un programa diferente ao aquí exposto, o alumno deberá solicitar por escrito o visto bo do profesor de violoncello do centro con anterioridade ao día do exame.

– O alumno interpretará unha obra de cada un dos apartados, sendo polo menos unha delas de memoria.

– Todas as obras que requiran acompañamento de piano serán interpretadas co devandito instrumento.

– As partituras a interpretar polo alumno deben ser orixinais (non fotocopias).

– O alumno interpretará tamén a primeira vista un fragmento de dezaseis compases proposto polo profesor.

– Aplicaranse os criterios de avaliación correspondentes ó 2º de grao elemental ó repertorio interpretado polo alumno.

– Na cualificación ponderaranse os aspectos técnicos nun 60% e os aspectos interpretativos nun 40%

Probas extraordinarias de xuño

Os alumnos que non obtiveron cualificación positiva na avaliación final poderán presentarse á proba extraordinaria que consistirá nunha proba igual á do apartado “Procedementos de recuperación ordinarios”.

6.2.5 Recursos didácticos

a) Métodos e estudios:

L.R. FEUILLARD: "Méthode pour le Jeune Violoncelliste" (Delrieu)

S. LEE: Método Práctico para violoncello

D. POPPER: 15 Estudios Fáciles Op. 76 CELLO TEAM STRINGS, Vol 2. POSITION PIECES FOR CELLO, vol 1.

b) Pezas con piano:

L.R.FEUILLARD: "Le Jeune Violoncelliste 1A, 1B

A.PEJTSIK: "Violoncello music for beginers" 1, 2 (Editio Musica Budapest)

c) Sonatas e concertos:

J.B.BREVAL: 4° Concertino en do maior.J.B.

BREVAL: 5° Concertino en re maior.

Traballaranse escalas de distintas tonalidades nas catro cordas.

6.3 3º GRAO ELEMENTAL

6.3.1 Obxectivos

- Avanzar na realización de detaché e legato, en todas as partes do arco coa distribución e dirección axeitados.
- Aprender a realizar o martelé e os cambios de cordas.
- Aprender as posicións do mango do violoncello, así como as conexións entre ambas e a súa lectura no pentagrama e en clave de do en cuarta. Coñecer o primeiro harmónico.
- Aprender a realizar cambios de posición.
- Iniciar a práctica do vibrato.
- Avanzar na práctica dos distintos aspectos interpretativos.
- Interpretar en público, solo, en conxunto ou con acompañamento de piano, algunhas das pezas traballadas en clase.

6.3.2 Contidos

- Disposición corporal.
- O arco: condución e distribución. Martelé. Cambios de corda.
- Posicións do mango. O primeiro harmónico.
- Cambios de posición.
- Vibrato.
- Aspectos interpretativos básicos.

- O son no contexto musical.

6.3.3 Avaliación

A Orde do 8 de febreiro de 2008 regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música.

A avaliación dos alumnos e das alumnas será continua e integradora, aínda que diferenciada, segundo as distintas materias do currículo. Razóns polas que se require a súa asistencia regular ás clases e ás actividades programadas para as distintas materias do currículo.

O alumnado ten dereito a ser avaliado conforme criterios de plena obxectividade, así como a coñecer os resultados das súas aprendizaxes, para que a información que se obteña, a través dos procedementos informais e formais de avaliación, teña valor informativo e o comprometa na mellora da súa educación. Nesta liña, os centros docentes farán públicos os criterios de avaliación comúns e os propios de cada materia que se aplicarán para a avaliación das aprendizaxes, a promoción do alumnado e a obtención da titulación, e o alumnado poderá solicitarlle ao profesorado responsable das distintas materias aclaracións acerca das avaliacións que se realicen para a mellora do seu proceso de aprendizaxe.

Así mesmo, o alumnado ten dereito a coñecer os procedementos formais da avaliación, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección.

Ao comezo do curso o profesor realizará unha avaliación inicial có fin de detectar o nivel dos alumnos en función das súas capacidades, actitudes e coñecementos. A información obtida nos permitirá adaptar os novos contidos, o repertorio, e as actividades á realidade do noso alumnado, asegurando unha asimilación adecuada.

O profesor avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como a súa asistencia e actitude.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

Criterios de avaliación

CE1. Ler textos á primeira vista con fluidez e comprensión.

CE2. Memorizar e interpretar textos musicais empregando a melodía, afinación, articulación e fraseo axeitados ao seu contido.

CE3. Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.

CE4. Describir con posterioridade a unha audición os trazos característicos das obras escoitadas.

CE5. Mostrar nos estudios e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.

CE6. Interpretar en público como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento con seguridade e control da situación.

CE7. Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar o mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos.

CE8. Correspondencia entre as capacidades adquiridas polo alumno e os obxectivos establecidos na programación.

CE9. Interese e esforzo mostrados polo alumno.

Mínimos esixibles

1º Trimestre

Escala sol maior 2 oitavas

Larghetto de Haendel (Methode pour le Jeune Violoncelliste, L.R.Feuillard) ou similar

2º Trimestre

Escala fa maior 2 oitavas

Air Breton (Methode pour le jeune violoncelliste, L.R.Feuillard) ou similar

3º Trimestre

Demostrar coñecemento das catro primeiras posicións do violoncello. Ter iniciada a lectura da clave de Do en 4ª

Dous movementos de sonata ou concertino

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Avaliación contínua ao longo do curso.
- Avaliación puntual nas audicións.
- Realizaranse controis para reforzar o proceso avaliativo.
- Proba de aula na terceira avaliación.

Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

No caso de que o alumno, só por motivos debidamente xustificados, non puidera realizar algún dos apartados anteriores dito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superado polo menos o 90% dos contidos do apartado mínimos esixibles na última clase antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar quen poderá conceder a dita ampliación.

6.3.4 Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades programadas na seguinte avaliación. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para os alumnos que teñan a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxectivos e contidos que aínda precisen ser superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo, modificación das probas do curso ou probas complementarias.

Procedementos de recuperación ordinarios

Os alumnos que non puideron ser avaliados de forma continua terán que facer nas últimas semanas do curso un exame no que terán que interpretar:

- Dous estudos que inclúan as posicións do mango:

F.J. DOTZAUER: 113 Estudios para violoncello (Vol.1)

RICK MOONEY: Position pieces for cello (vol 1). Págs 53 a 62

- Unha peza con piano de entre:

L.R. FEUILLARD: "Le Jeune Violoncelliste 2 A, 2B, 3 A"

A.PEJTSIK: "Violoncello music for Beginers" 2, 3 (Editio Musica Budapest) P.HINDEMITH: 3 Pezas doadas

J. B.CIRRI: Tres sonatas para violoncello e piano J.B.BREVAL: Sonata en do maior

B.ROMBERG: Sonata n° 1 en si bemol maior.

- En caso de querer presentar un programa diferente ao aquí exposto, o alumno deberá solicitar por escrito o visto bo do profesor de violoncello do centro con anterioridade ao día do exame.
- O alumno interpretará polo menos unha delas obras de memoria.

- Todas as obras que requiran acompañamento de piano serán interpretadas co devandito instrumento.
- As partituras a interpretar polo alumno deben ser orixinais (non fotocopias).

- O alumno interpretará tamén a primeira vista un fragmento de dezaseis compases proposto polo profesor.
- Aplicaranse os criterios de avaliación correspondentes ó 3º de grao elemental ó repertorio interpretado polo alumno.
- Na cualificación ponderaranse os aspectos técnicos nun 60% e os aspectos interpretativos nun 40%

Probas extraordinarias de xuño

Os alumnos que non obtiveron cualificación positiva na avaliación final poderán presentarse á proba extraordinaria que consistirá nunha proba igual á do apartado “Procedementos de recuperación ordinarios”.

6.3.5 Recursos didácticos

a) Métodos e estudios:

L.R. FEUILLARD: "Méthode pour le Jeune Violoncelliste"

S. LEE: Método Práctico para violoncello

F.J. DOTZAUER: Estudios para violoncello (I)

RICK MOONEY: POSITION PIECES FOR CELLO, vol 1.

b) Pezas con piano:

L.R. FEUILLARD: "Le Jeune Violoncelliste 2A, 2B, 3A"

A.PEJTSIK: "Violoncello music for Beginers" 2, 3 (Editio Musica Budapest)

P.HINDEMITH: 3 Pezas doadas

c) Sonatas e concertos:

J. B. CIRRI: Tres sonatas para violoncello e piano

J.B. BREVAL: Sonata en do maior B.ROMBERG: Sonata n° 1 en si bemol maior

L.MENDELSSOHN: Student -concerto in D - M. op.213 Traballaranse escalas de dous oitavas en distintas tonalidades.

6.4 4º GRAO ELEMENTAL

6.4.1 Obxectivos

- Consolidar e perfeccionar o aprendido nos cursos anteriores.
- Iniciar o estudio dos golpes de arco fóra da corda.

- Aprender a quinta, sexta e sétima posición.
- Iniciar no estudio do polgar.
- Avanzar no estudio do vibrato e na súa comprensión como recurso expresivo.
- Interpretar en público, solo, en conxunto ou con acompañamento de piano, algunhas das pezas traballadas en clase.

6.4.2 Contidos

- O arco: condución nas diferentes articulacións e zonas do arco.
- As posicións intermedias (5ª 6ª 7ª)
- A oitava posición.
- Os cambios de posición
- O vibrato no contexto musical.
- O son no contexto musical.

6.4.3 Avaliación

A Orde do 8 de febreiro de 2008 regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música.

A avaliación dos alumnos e das alumnas será continua e integradora, aínda que diferenciada, segundo as distintas materias do currículo. Razóns polas que se require a súa asistencia regular ás clases e ás actividades programadas para as distintas materias do currículo.

O alumnado ten dereito a ser avaliado conforme criterios de plena obxectividade, así como a coñecer os resultados das súas aprendizaxes, para que a información que se obteña, a través dos procedementos informais e formais de avaliación, teña valor informativo e o comprometa na mellora da súa educación. Nesta liña,

os centros docentes farán públicos os criterios de avaliación comúns e os propios de cada materia que se aplicarán para a avaliación das aprendizaxes, a promoción do alumnado e a obtención da titulación, e o alumnado poderá solicitarlle ao profesorado responsable das distintas materias aclaracións acerca das avaliacións que se realicen para a mellora do seu proceso de aprendizaxe.

Así mesmo, o alumnado ten dereito a coñecer os procedementos formais da avaliación, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección.

